EXERCICIOS DE APOIO DA SECCIÓN 2ª

1. Expón as características distintivas da sociabilidade humana.

2. Explica cal é a clave do progreso das sociedades humanas.

3. Cales foron as liñas filoxenéticas da evolución da sociabilidade?

4. Cales foron as bases evolutivas biolóxicas que permitiron a creación e desenvolvemento dos sistemas socioculturais humanos?

5. Que é a *socialización*?

6. Sinala os diferentes planos nos que o individuo vai configurando a súa personalidade social para integrarse no grupo.

7. Enumera os principais axentes de socialización.

8. Diferenza entre sistemas de sinais e linguaxe simbólica.

9. Indica as principais características do signo lingüístico que serven de base a enorme capacidade produtiva e creativa da linguaxe humana.

10. Explica en que consiste a función categorizadora que realiza a linguaxe humana.

Solucións:

1. A sociabilidade humana presenta dous trazos básicos diferentes da doutras especies:
a) Non se asenta en instintos ríxidos determinados xeneticamente, senón máis ben nunha tendencia natural flexible e moldeable pola aprendizaxe.
2) Non necesita anular ao individuo supeditándoo ao grupo, senón que permite desenvolver a autonomía individual.

2. Unha sociedade humana ben conformada potencia e desenvolve individuos libres, autónomos e creativos. Os individuos non quedan totalmente supeditados ao interese do grupo nin reducidos a simples pezas automáticas da *máquina social.* Ao contrario, canto máis libres, autónomos e creativos sexan os individuos dunha sociedade humana, máis rica será esta, ao favorecer a innovación que fai posible o progreso.

3. A sociabilidade evolucionou seguindo dúas liñas distintas:

a) unha baseada na fixación xenética de mecanismos instintivos ríxidos, que converten aos individuos en autómatas sociais, e que podemos exemplificar co caso das colonias de insectos, e
b) outra fundada no desenvolvemento de condutas plásticas e aprendidas, capaz de incorporar experiencias individuais e de transmitilas por aprendizaxe social.

4. No caso da especie humana, confluíron dous procesos evolutivos intimamente relacionados para o desenvolvemento da cultura: 1) a fixación da neotenia, e 2) o desenvolvemento do cerebro.

5. O concepto de socialización refírese ao conxunto de mecanismos e procesos mediante os cales o individuo adquire o aprendido antes polo grupo (cultura) e se integra na sociedade conformando a súa personalidade social.

6. A socialización supón, na práctica, a adaptación do individuo a un contorno social, mediante a conformación da súa personalidade en tres niveis diferentes.
- En primeiro lugar, no plano biolóxico e psicomotor, modelando as necesidades fisiolóxicas, os gustos culinarios, as actitudes corporais, etc.
- En segundo lugar, no plano afectivo, canalizando e conformando o mundo das emocións e sentimentos.
- E en terceiro lugar, no plano mental, adquirindo os símbolos, as categorías mentais, os valores, os prexuízos, etc. cos que haberá de operar o pensamento do individuo.

7. Os axentes de socialización que exercen maior presión socializadora son a familia, o grupo de pares, a escola e os medios de comunicación.

8. Un sistema de sinais ten unha base natural pois os significados están determinados por relacións naturais de semellanza, causa-efecto, ou reaccións instintivas prefixadas xeneticamente. Pola contra, a linguaxe simbólica ten unha base totalmente convencional, pois non hai ningunha relación natural entre o significantes e o significado.

9. O carácter convencional, cultural e aprendido da linguaxe humana, unido á dobre articulación da mesma (fonemas e morfemas), converten ás linguas humanas en sistemas enormemente produtivos, capaces de xerar infinitas mensaxes e de referirse non só á realidade presente, senón tamén a realidades ausentes, pasadas, futuras ou mesmo virtuais…

10. A lingua que aprendemos sérvenos para estruturar e ordenar o mundo; con ela clasificamos a realidade en categorías, formando conceptos abstractos, que unifican e dan sentido á multiplicidade de sensacións recibidas. Por iso, a lingua é a base dunha cultura, porque é a forma característica de interpretar e organizar a realidade que unha sociedade foi configurando.